

03

Lann Hornscheidt, *Desamarmos o capitalismo. O amor como acción política*, Santiago de Compostela, Catro Ventos, 2022, 120 páxinas.

Ánxela Lema París  
Universidade da Coruña

Orcid 0000-0002-0690-7864. anxela.lema@udc.es. Universidade da Coruña. España.

A tradución feminista, ademais dun traballo laborioso e valente é, sobre todo, xeneroso por ofrecer a posibilidade a quen do contrario non podería acceder a mundos e linguaxes con que se reformular e adquirir ferramentas necesarias para construír un mundo máis afectivo, diverso e inclusivo. Por este motivo, é unha moi boa nova a chegada ao sistema literario galego de *Desamarmos o capitalismo. O amor como acción política* (2022), de Lann Hornscheidt. Neste sentido, hai que agradecer, dunha banda, a Catro Ventos a súa aposta por traer ao galego libros tan necesarios que, ademais, conseguen escapar do mundo anglófono, xa que se trata dun ensaio escrito orixinalmente en alemán; e, doutra, á tradutora e prologuista María Reimóndez por facer esta interesante proposta á editora, xa que non existían libros que reflectisen e cuestionasen o amor en lingua galega e menos aínda desde unha lingua non-binaria, un ámbito sobre o cal o galego avanzou moito nos últimos anos, mais que aínda non consegue ter a presenza e visibilidade desexadas.

A lectura deste ensaio remove, fai reflexionar e axuda a que a cabeza faga moitos clics, o máis bonito que o proceso de lectura pode provocar. O propio título resulta toda unha declaración de intencións, xa que Hornscheidt deixa ben claro que o amor ten que ser pensado e cuestionado, mais ante todo posto en práctica desde a consciencia política. Este, xustamente, é un asunto sobre o cal e autore fai especial fincapé: a centralidade de levar a teoría á práctica. Como ben explica, o capitalismo é especialista en despolitizar as persoas, en instaurar a idea de que por moito que se fixer, nada mudará. De aí frases como “o amor todo o pode” ou “o amor non entende de fronteiras” que naturalizan o amor como unha estrutura onde o poder non opera porque se trata de algo íntimo e puro pertencente a cada persoa. “Ao percibir o amor como algo ‘simplemente positivo’, puro e correcto, como sentimento e unha cuestión privada, fíltrase a substancia esvaradía e líquida da violencia estrutural na experiencia individual propia até impregnalo todo” (p. 20). Así, perante esta urxencia de pór en práctica a politización do amor, ou máis ben a repolitización, porque o principal problema radica en que socialmente se concibe como unha esfera en que os discursos hexemónicos non operan, este libro resulta de grande axuda.

Un dos maiores valores que este ensaio presenta é a súa grande capacidade para abrir infinidade de portas ao lanzar preguntas necesarias para construír unha vida máis sa, responsable e consciente. Con todo, existen tres grandes liñas temáticas que sería importante expor. En primeiro lugar, o cuestionamento do amor e o desexo como emocións afastadas da capacidade de acción individual. Está instalada socialmente a idea de que o amor non se pensa, senón que se sente, e trátase como unha entidade con vida propia, incontrolable, que chega sen o escoller. O amor, desde esta perspectiva, semella actuar como un virus: pode collerse ou non, mais a cuestión é que a persoa non ten elección e anúlase o seu poder de acción. O máis paradoxal disto é que se ben as persoas se enorgullecen da capacidade de escolla sobre aspectos como a comida ou a vestimenta como características dunha identidade construída de maneira política e consciente, nada diso acontece cando se trata do sentimento amoroso e/ou sexual. É neste sentido que unha das preguntas que lanza e autore é por que se relega o amor ao ámbito do incontrolable, lonxe de toda a razón, e se pasan por alto as consecuencias que isto supón para a vida.

Esta idea atravesa todo o libro e Hornscheidt quen, na liña *xineolóxica* de Eva Illouz ou Sara Ahmed, mostra que o amor non é algo abstracto e intanxible, senón que pode consumirse e adquirirse de tal maneira que favorece o bo funcionamento do capitalismo. Lonxe do que nun primeiro momento se poida pensar, e autore expón claramente como o capitalismo fai que o amor se dirixa cara a certos obxectos e experiencias con que outorgar valor ás relacións, até o punto de que xa non se conseguirá entender o amor sen elas. A idea do amor feliz, en resumo, leva consigo unha serie de significados moi concretos de prestixio social que só se

entenden dentro da lóxica capitalista (viaxar, casar, mercar unha casa, ter crianzas...). Todos estes elementos, ademais, están vinculados a unha maneira moi concreta de relacionamento que ofrece beneficios fiscais, polo que o Estado, con aparente actitude democrática, “premia” e facilita a escolla do camiño que marcan as “normas heterorrománticas” (p. 64).

En segundo lugar, e autore fala das fronteiras como un concepto que simplemente se asume como incuestionable, ao igual que acontece co amor. Nun primeiro momento fala das fronteiras asociadas ao estado-Nación para, máis adiante, explicar as semellanzas que isto adopta no ámbito do privado. “A idea das fronteiras/raias/límites como algo positivo e evidente no eido persoal e interpersonal enténdoa como parte dunha lóxica neoliberal de construción do suxeito que amosa un paralelismo conceptual coa idea das fronteiras como base fundamental do concepto da Nación” (p. 28). Neste sentido, o seu discurso lembra autoras como Anne Marie Thiesse (2001) e a súa análise do sistema IKEA de construción das nacións en que evidencia a artificialidade de conceptos asumidos como naturais, ou Elisa Coll, quen en *Resistencia bisexual* (2021) reflexiona sobre como as fronteiras ríxidas da hetero-homo-normatividade e do monosexismo social imposibilitan e invisibilizan a existencia bisexual.

Aínda que sexa certo que desde hai un tempo se fala cada vez máis de relacións tóxicas e das violencias que trae consigo o romanticismo, rara vez se propoñen as infinitas orientacións relacionais alternativas á monogamia para que cada persoa reflexione e escolla aquela que mellor encaixe coa súa forma de ser e entender os afectos. Análizanse as problemáticas do sistema amoroso e ofrécense fórmulas con que tratar de conseguir que a vida dentro desas fronteiras sexa o menos dolorosa posible, mais non se debate a posibilidade de deseñar un novo mapa afectivo. Está demostrado que o sistema relacional que coñecemos é defectuoso, non funciona, mais, con todo, a estrutura non se cuestiona porque nin sequera se pensa como tal e non se conseguen ver as pisadas que a impuxeron.

Nunha sociedade na que cada vez máis semella que se pode escoller todo libremente, na que xa non existen constantes fixas, senón que todo semella deconstruíble e interrogable, a naturalización do amor e a obsesión coa parella típica das sociedades occidentais constitúen un apoio e unha seguridade, ademais de ancorar o coidado social na emocionalidade (p. 69).

Neste sentido, Hornscheidt rexeita que marcar límites favoreza a sensación de seguridade porque, segundo a súa opinión, o que conseguen é limitar a ollada e o campo de acción. Os muros constrúense por medo, para sentir seguridade, de forma que o máis importante sería analizar de onde provén ese medo e se existe unha ameaza real da cal resulte necesario protexerse. É máis, destaca que a idea tan popular hoxe en día de marcar os límites individuais, de defendelos e mantelos, vén da man da lóxica neoliberal e cualifícaa como *egoamor* (p. 36).

En terceiro lugar, e autore analiza a relevancia que socialmente se atribúe ao sexo até o punto de ser un elemento central da ordenación identitaria, ao tempo que se toma como acto que servirá para demostrar o *verdadero* amor por alguén. “O reduccionismo social do sexo leva, de moitas maneiras relacionadas entre si, a que o concepto realmente político de amar acabe resumíndose na idea predominante e incontestable do contacto corporal e do desexo entre dúas persoas” (p. 84). Perante isto, propón o concepto de *acorporar* para entender a sexualidade dunha maneira máis ampla, menos capitalista e que descentralice o amor como catalogador dos tipos de vínculos que establecemos e nos cales unha conversa íntima poida ter a mesma consideración.

“Entendo acorpar como unha forma inclusiva corporal ou encarnada de entrar en conexión con persoas cando este vínculo é respectuoso, recíproco, de escoita activa e interactivo, e que se dá sobre todo no plano corporal de palpar e con\_tactar” (p. 85).

En cuarto e último lugar, e escritore céntrase tamén na invisibilidade das violencias existentes dentro da institución familiar, xustificadas por estaren recubertas do discurso do amor. Posto que se trata de situacións que non deberían acontecer, debido a que se idealiza a familia como refuxio, como espazo de afectos e coidados, en moitos casos estas historias non se verbalizan e xustifícanse a través do sentimento amoroso.

A naturalización da familia como marco relacional principal nas sociedades capitalistas fai imposible, ou cando menos dificulta, a idea de explorar ese tipo tan concreto de amor cara a un grupo que non sexa o presentado como natural e biolóxico. É máis, e autore critica que os conceptos de familia por elección tan coñecidos hoxe en día sigan a situar a familia como marco relacional superior e incuestionable: “No uso figurado e adaptado do termo vemos que se naturaliza e que non se cuestiona o concepto base da familia e do sistema familiar, da importancia para o sistema das relacións familiares que, deste xeito, se reafirman como naturais, correctas e prioritarias” (p. 51).

Xa agora, canto á estrutura se refire, o ensaio conta con dúas grandes partes: unha primeira de carácter máis reflexivo e unha segunda de carácter máis lúdica e participativa, xa que ofrece toda unha serie de actividades e preguntas para facer en grupo e comparar respostas, dialogar e traballar colectivamente no ámbito do afectivo. A lectura deixa de ser neste caso un acto individual e silencioso e anima á posta en común. Para alén disto último, aquelas ideas máis potentes que o autore tan ben sintetiza aparecen enmarcadas entre liñas, o cal visualmente facilita a volta a aqueles puntos que resultaren máis interesantes; mais tamén existen textos de carácter máis íntimo e persoal, tanto narrativos como poéticos, marcados cun fondo escuro para ben os diferenciar do ton do resto do libro. Trátase, en resumo, dunha edición do máis coidada e atenta que fai da lectura algo sinxelo e intuitivo. Fica claro que o obxectivo principal do libro é deixar constancia da urxencia de repensar os modos de relacionamento actuais, evidenciando as implicacións políticas e sociais que isto ten, propósito para o cal o autore deixa de lado a linguaxe abstracta máis habitual neste tipo de ensaios para asegurar a conexión co público lector.

Xa por último, canto á edición se refire, é de rigor destacar a implicación ecolóxica da editora Catro Ventos que conta cun selo informativo de que o libro está libre de metais pesados e plásticos, alén de procurar reducir ao máximo as emisións contaminantes dos transportes, motivo polo cal imprimen a apenas 3km da sede. É esta unha aposta ecolóxica que tamén procura romper coas dinámicas agresivas e contaminantes tan propias do capitalismo que sintonizan á perfección con Hornscheidt e que demostran a coherencia e implicación da editora.